

Formación Bonificada-Fundación Tripartita

¿Sabe que dispón de axudas para formar a os seus traballadores?

A Cámara de Comercio de Ourense como entidade organizadora ante a Fundación Tripartita para a Formación no Emprego xestiónalle gratuitamente as bonificacións na Seguridade Social para os cursos que organiza a Institución. Estas axudas son para a formación de empregados das empresas e poden chegar ao 100% do custo da matrícula.

¿En qué consisten as axudas?

Consisten en recuperar total ou parcialmente o importe dos cursos, mediante bonificacións nas súas cotas á Seguridade Social (Orde TAS/2307/2007).

O crédito disponible é anual e non acumulable para exercicios posteriores se non é utilizado antes do 31 de decembro.

¿Quen pode beneficiarse destas axudas?

Todas as empresas ubicadas en territorio español que estean ao corrente nos pagamentos á Seguridade Social e Facenda e queiran formar os seus traballadores por conta allea. Ademais, serán requisitos para bonificarse o custo das accións formativas na Seguridade Social, adherirse ao Convenio de Agrupación de Empresas da Cámara de Comercio de Ourense e realizar e finalizar con bo aproveitamento a acción formativa.

¿Cal é o crédito formativo para a súa empresa?

Cada empresa dispón dun crédito anual para financiar as accións formativas, determinado polo ingresado no ano anterior na Seguridade Social en concepto de cota de Formación profesional e por número de traballadores.

A Cámara de Comercio de Ourense, entidade colaboradora da Fundación Tripartita e coa petición expresa da empresa, pode facilitarlle a contía que lle corresponde.

¿Cando se pode solicitar a bonificación?

Para solicitar a bonificación dunha actividade de formación deberá tramitar toda a documentación necesaria ante a Cámara de Comercio e Industria de Ourense, como mínimo 10 días naturais antes do inicio do mesmo.

¿Cal é a normativa que regula as axudas?

O sistema de bonificacións se encontra regulado pola Orde Ministerial TAS 2307/2007, de 27 de xullo.

Máis Información:

Departamento de Formación - Cámara Ourense

formacion@camaraourense.com

Teléfono: 988 23 31 16